

través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 5.235,77 €, correspondendo 650,40 € a libre concorrència e 4.585,37 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 14 de xullo de 2020.- O Alcalde – Presidente, Alfredo Llano García.

R. 1578

CASTROVERDE

Anuncio

Expediente 180/2020

BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE (PDRC).

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións en réxime de concorrència competitiva dentro do Programa de Desenvolvemento Rural do Concello de Castroverde (PDRC), destinadas a persoas titulares de parcelas con vocación agraria e/ou forestal susceptibles para desenvolver a actividade de explotacións agrícolas e/ou gandeiras e/ou forestais do concello de Castroverde, coa finalidade de mellora da estrutura territorial agraria e forestal, da redución do abandono no ámbito dos núcleos rurais e nas súas contornas, e a redución da probabilidade de incendios, dentro do Municipio.

As actuacións consisten na agrupación da propiedade mediante a figura de permutas voluntarias entre persoas titulares de parcelas (mínimo dúas persoas) de vocación agraria e/ou forestal, que de forma voluntaria estean dispostas a realizar actuacións de agrupacións de parcelas catastrais.

As figuras de agrupación do solo contempladas son as seguintes:

A.- Permutas voluntarias de fincas sen modificación xeométrica das fincas resultantes.

As parcelas obxecto da permuta poderán estar nalgunha das parroquias do concello de Castroverde, pero a lo menos unha das parcelas deberá lindar con outra que sexa propiedade dalgún das persoas titulares da operación, de maneira que a permuta mellore obxectivamente a estrutura territorial, mediante a agregación de parcelas.

B.- Permutas voluntarias de fincas con modificación xeométrica das fincas resultantes.

Neste caso, procede realizar actos de segregación e agregación que están suxeitos a licenza municipal e que se solicitarán no Concello.

As subvencións ás que se refiren as presentes bases convócanse en réxime de concorrència competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible.

Base 3.- Gastos subvencionables

De conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións, os gastos subvencionables

conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas nas devanditas Normas e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubidado respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. Asemade, en ningún caso, o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considéranse subvencionables os gastos derivados do proceso de agrupación do solo para acadar a obtención das parcelas resultantes que concentren a propiedade de natureza rústica e de núcleo rural.

Como requisito indispensable para cumprir o mínimo esixido e que terá que verse reducido nun 20% o número de parcelas con respecto as parcelas iniciais incorporadas ao proceso.

A. Permutas voluntarias de fincas sen modificación xeométrica das fincas resultantes. Son subvencionables os seguintes gastos:

- Os gastos de honorarios técnicos para a redacción de documentos técnicos e administrativos coa finalidade de agregación catastral. Neste tipo de figura non se contempla o levantamento topográfico.

As axudas se concederán ata o máximo contemplado nos recadros seguintes:

Titulares parcelas	Máximo por expediente
2 propietarios	120 €
De 3 a 5 propietarios	160 €
De 6 a 10 propietarios	190 €
Mais de 10 propietarios	250 €

B. Permutas voluntarias de fincas con modificación xeométrica das fincas resultantes. Son subvencionables os seguintes gastos:

- Os gastos de honorarios técnicos para a redacción de proxecto técnico e trámites administrativos.
 - Levantamento topográfico das parcelas aportadas. Aplicarase só no caso de non constar a xeometría real das fincas iniciais no catastro. Considerarase o custe da medición das fincas iniciais, o posterior replanteo das fincas resultantes no terreo, por existir un proceso con modificación da xeometría definitiva das parcelas e a elaboración do informe de validación gráfica catastral resultante. Terase que xustificar motivadamente a necesidade de realizar dito levantamento topográfico.

Na memoria técnica xustificarase dita tarefa indicando de forma aproximada a xeometría correcta da/s parcela/s a corrixir e as parcelas resultantes.

As axudas se concederán ata o máximo contemplado nos recadros seguintes:

B.1 Actuacións onde NON se requira medición topográfica (no caso de permutas voluntarias con modificación de xeometría cando non se necesite realizar medición topográfica):

Titulares parcelas	Máximo por expediente
2 propietarios	450 €
De 3 a 5 propietarios	650 €
De 6 a 10 propietarios	1200 €
Mais de 10 propietarios	1800 €

B.2 Actuacións onde se requira medición topográfica (no caso de permutas voluntarias de fincas con modificación de xeometría e cando se xustifique a realización da medición topográfica):

Titulares parcelas	Máximo por expediente*
2 propietarios	850 €
De 3 a 5 propietarios	1300 €
De 6 a 10 propietarios	2000 €
Mais de 10 propietarios	2500 €

**Poderá verse incrementado a contía máxima por expediente un 20% cando se xustifique que, a lo menos, a metade das parcelas mobilizadas no proceso teñan un uso con arborado (claves SIXPAC: FO, FY, PA e PR), que dificulte a realización da medición topográfica.*

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Escrituras notariais das permutas onde se formalice a operación. Correrá a cargo dos beneficiarios dito trámite que será requisito indispensable para poder actualizar as parcelas resultantes no catastro.
- As obras de acondicionamento das parcelas resultantes correrán a cargo dos beneficiarios, xunto cos gastos derivados dos permisos a organismos competentes, si as actuacións se ven afectadas por afeccións sectoriais (impacto ambiental, cambios de actividade, patrimonio, augas, etc).
- Os gastos de procedemento xudiciais.
- Proxectos con solucións técnicas non sostibles, ineficientes ou con prezos non axustados aos de mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquel referido á actividade subvencionada e que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento mediante xustificante bancario.

Base 4.- Beneficiarios

Titulares de parcelas (mínimo dúas persoas) que poidan levar a cabo o obxecto da subvención, ou se atopen na situación que motiva a súa concesión e que estean dispostas de forma voluntaria a realizar actuacións de agrupación do solo.

Como requisito indispensable, terá que verse reducido nun 20% o número de parcelas resultantes con respecto as parcelas iniciais incorporadas ao proceso. Non se require un mínimo de superficie a mobilizar, incluso valorarase mais que as parcelas obxecto de agrupación teñan tamaño reducido e que estean próximas aos núcleos rurais.

Os beneficiarios deberán comprometerse a manter as parcelas resultantes por un período mínimo de cinco anos coa mesma xeometría resultante, sen realizar ningún tipo de segregación posterior, e só se admitirán operacións posteriores que reduzan aínda mais o número de parcelas.

Quedan excluídos das actuacións previstas neste Programa os seguintes terreos:

- Parcela/s incluída/s nalgún proceso de concentración parcelaria nalgunha das súas fases.
- Parcela/s incluída/s en terreos privados clasificados dentro de montes veciñais en man común, montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.
- Parcela/s incluída/s en terreos públicos (montes comunais, de utilidade pública, etc).

Dado que ditas operacións de agrupación da propiedade requiren dun mínimo de dúas persoas, nestes casos, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada persoa titular de parcela/s, así como o importe da subvención a aplicar por cada uno deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. No caso de Comunidades de Bens e Sociedades Cívís, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

En ningún caso poderá ser beneficiario quen se atope nalgunha das circunstancias establecidas polo artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 5.- Contía máxima da axuda e incompatibilidade con outras axudas

A contía global máxima destinada a esta actuación, que será incluída no orzamento do Concello para a anualidade 2021, ascende á cantidade de 200.000,00€ que se efectuará con cargo a aplicación orzamentaria 414. 479, Desenvolvemento rural. Outras subvencións a empresas privadas.

Non obstante, ao amparo do establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, este crédito orzamentario poderá incrementarse como resultado dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas co mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Nestes casos, a ampliación de crédito publicarase polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes ou o comezo dun novo computo do prazo para resolver e xustificar.

No suposto, que unha vez resoltas as subvencións non se esgote o crédito, o remanente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha polo Concello na anualidade 2022, que en todo caso non supoña modificación orzamentaria.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ou abonos a conta das subvencións concedidas.

En todos os casos as contías subvencionables non incluírán o importe correspondente ao IVE.

Estas axudas teñen a consideración de mínimis, Regulamento (UE) nº 2019/316, da Comisión, do 21 de febreiro de 2019, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimis no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 51 do 22 de febreiro de 2019, e o deber de respectalos.

Base 6.- Carácter da subvención

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual. Como medida de garantía dos intereses públicos, o Concello poderá revisalas previa instrución de expediente a tal efecto, reducilas, nos supostos de execución parcial e nas condicións establecidas nestas bases así como declarar a perda do dereito total ou parcial a percibila nos supostos de falta de xustificación. Igualmente procederá o reintegro da subvención percibida nos supostos previstos nestas bases. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, o concello quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 7.- Dereitos e obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios da subvención terán os dereitos e obrigas conforme ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.

Os beneficiarios da subvención terá dereito a pedir e obter o apoio e a colaboración da entidade local no seguimento das actuacións proxectadas.

Os perceptores da subvención están obrigados a:

- 1) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia ao Concello, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.
- 2) Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos da actuación subvencionada.
- 3) Acreditar diante Concello a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.
- 4) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectúe o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 5) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presente bases.
- 6) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de aprobación da conta xustificativa que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social. Dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non obstante, o Concello poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización para que o Concello poida solicitar estas certificación fronte aos citados organismos.
- 7) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- 8) Responsabilizarse da obtención de todas cantas licenzas ou permisos sexan necesarios para o correcta execución do proxecto para o que se solicita a subvención.
- 9) Manter as parcelas resultantes por un período mínimo de cinco anos coa mesma xeometría resultante, sen realizar ningún tipo de segregación posterior admitíndose operacións posteriores que reduzan aínda mais o número de parcelas.
- 10) Consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.

Base 8.- Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polos beneficiarios.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 1 de setembro de 2020 hasta o 30 de abril de 2021, e publicarase no B.O.P. de Lugo, estrato da convocatoria.

Os interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo anteriormente sinalizado, formalizándose no impreso normalizado establecido ao efecto, que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da Web do Concello e nas oficinas municipais

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, quedando o outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidas ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Castroverde. Así mesmo poderán presentarse nos Rexistros previstos polo artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á solicitude da subvención (ANEXO I) deberán acompañar a seguinte documentación:

- 1) Copia do NIF ou CIF das persoas titulares que estean dispostas de forma voluntaria a realizar actuacións de reestruturación parcelaria.
- 2) Deberá facerse constar expresamente, na solicitude, os compromisos de execución asumidos por cada persoa titular de parcela/s, así como o porcentaxe de participación de cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.
- 3) Relación de parcelas a permutar, de cada un dos beneficiarios (Anexo II)
- 4) Memoria técnica ou anteproxecto de agrupación de parcelas aportadas, elaborada por técnico competente que describirá como mínimo:

4.1 Obxectivos (xustificación da intervención, orientacións produtivas reais e potenciais, plan de explotación e aproveitamento das terras incorporadas)

4.2 Tipoloxía de actuación: permutas voluntarias con ou sen modificación de xeometría das parcelas resultantes. Xustificación da necesidade de realización de medición topográfica, se fora o caso.

a. Actuacións a realizar: Descrición de operacións de agrupación do solo: Situación con modificación xeometría (permutas e/ou actos de segregación -agregación con licenza municipal).

b. Orzamento pormenorizado das tarefas.

c. No caso de necesidade de realizar levantamento topográfico, indicar sobre cartografía catastral de forma aproximada a xeometría correcta da/s parcela/s a corrixir e as parcelas resultantes.

3.3 Situación de partida da reestruturación

a) Nº de propietarios, nº de parcelas mobilizadas. Representación gráfica e de propiedade das parcelas a mobilizar.

b) Superficie mobilizada (Ha) e tamaño por parcela (m²), superficie de enclavados alleos á agrupación (Has), % parcelas uso SIXPAC con arborado (claves SIXPAC consideradas con arborado: FO, FY, PA e PR), % parcelas situadas en solo rústico ou de núcleo rural (segundo a figura de planeamento vixente neste concello).

3.4 Situación resultante á que se pretende chegar.

a) Nº de parcelas resultantes ao que se pretende chegar ao remate do proceso. Representación gráfica e de propiedade das parcelas resultantes.

5) Identificación catastral das parcelas iniciais obxecto da reestruturación coa consulta descritiva e gráfica extraída da Sede Electrónica de Catastro (<https://ovc.catastro.meh.es/>). No caso de necesidade de realizar levantamento topográfico, indicarse sobre esta cartografía catastral de forma aproximada a xeometría correcta da/s parcela/s a corrixir e as parcelas resultantes.

6) Documentación acreditativa da titularidade das parcelas:

A superficie a incorporar será en concepto de propiedade, dispoñendo dalgún documento que acredite que dita superficie que aporta ao proceso e súa en propiedade.

7) Fotografías do estado actual identificando cada unha das parcelas iniciais.

8) Declaración responsable das persoas titulares das parcelas obxecto de agrupación do solo, de ter o compromiso de levar a cabo as operacións de agrupación de solo e de que se manteñan por un período mínimo de cinco anos coa mesma xeometría resultante, sen realizar ningún tipo de segregación posterior admitíndose operacións posteriores que reduzan aínda máis o número de parcelas.

8) Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria (Anexo III).

9) Declaración responsable dos titulares ou representantes legais (ANEXO IV), comprensiva dos seguintes extremos:

- Non ter solicitado nin recibido subvencións doutras institucións públicas para a mesma actuación.
- Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións das Administracións Públicas
- Encontrarse facultados para actuar no nome da entidade
- Non estar inhabilitado para contratar coas AA.PP. ou para obter subvención das mesmas.
- Acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda Pública, Autonómica, Provincial e Municipal, e non ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.
- Non ter pendente de xustificación cantidades anteriores concedidas polo Concello de Castroverde.
- Non estar incursos en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non estar feitas as actuacións antes da solicitude da axuda.
- Compromiso de levar a cabo as operacións de agrupación do solo e de manter a/s parcela/s coa mesma xeometría resultante, durante un período mínimo de cinco anos dende a concesión da citada subvención, sen realizar ningún tipo de segregación posterior admitíndose operacións posteriores que reduzan aínda mais o número de parcelas.

11) Outros documentos que se consideren convenientes. (Anexo V)

Base 9.- Procedemento de concesión e criterios de adxudicación

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase de conformidade co disposto nos artigos 19 a 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigos 22 e seguintes da Lei 38/2003 e cos criterios obxectivos que se mencionan de seguido:

1) Número de titulares de parcelas mobilizadas: (Ate 30 puntos)

- 2 propietarios - 6 puntos
- De 3-5 propietarios - 10 puntos
- De 6 a 10 propietarios - 20 puntos
- > 10 propietarios - 30 puntos

2) Porcentaxe de parcelas situadas nun radio de 1 quilometro dende o núcleo rural delimitado ou vivenda illada mais próxima. O criterio de puntuación será en función da porcentaxe seguinte: (Ate 30 puntos)

- Ningunha parcela situada dentro dun radio dun quilómetro - 0 puntos
- Ate o 25% de parcelas situadas dentro dun radio dun quilómetro - 7,5 puntos
- Mais do 25% ate o 50 % de parcelas - 15 puntos
- Mais do 50% ate o 75% de parcelas - 22,5 puntos
- Mais do 75% de parcelas - 30 puntos

3) Redución do número de parcelas resultantes respecto das parcelas incorporadas:

Para o cálculo da puntuación resultante deste criterio terase que realizar o seguinte cociente:

$$\text{Puntuación redución de parcelas} = \frac{\text{Nº parcelas incorporadas} \times \text{coeficiente de ponderación (3)}}{\text{Nº parcelas resultantes}}$$

4) Grado de aumento da superficie media das parcelas resultantes:

Para o cálculo da puntuación resultante deste criterio terase que realizar o seguinte cociente:

$$\text{Puntuación grao de aumento de superficie} = \frac{\text{Superficie tamaño medio parcelas resultante } \square(\text{m}^2) \times \text{coeficiente de ponderación (2)}}{\text{Superficie tamaño medio parcelas incorporadas } \square(\text{m}^2)}$$

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible non podendo acceder algunha delas a mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese na seguinte orde:

- 1) Porcentaxe de parcelas situadas nun radio de 1 quilometro.
- 2) Redución do número de parcelas resultantes respecto das parcelas incorporadas.
- 3) Aumento da superficie media das parcelas resultantes
- 4) Número de titulares de predios.

Base 10.- Instrución do procedemento

10.1.- O Concello, previo informe técnico municipal que versará sobre a adecuación das actuacións ao PXOM de Castroverde e a lexislación sectorial, instruirá e tramitará os respectivos expedientes, revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñen a documentación esixida na base 8. Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante, para que no prazo de dez días hábiles aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que no caso contrario, terase por desistido da súa petición, previa resolución do señor Alcalde-Presidente.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda a súa avaliación e informe, no que concretará o resultado da avaliación efectuada.

10.2.- A avaliación das solicitudes efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída para o efecto e composta por tres membros. Na resolución de nomeamento designarase Presidente, Vogais e Secretario/a e os correspondentes suplentes. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos na materia designados polo señor Alcalde-presidente.

Base 11. Resolución de concesión das axudas

A Comisión de Valoración verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno previa valoración das solicitudes admitidas aplicando o baremo establecido; a estes efectos o señor Alcalde-presidente, a proposta da Comisión designará a un empregado público técnico e profesionalmente cualificado a fin de que elabore un informe-proposta.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lles concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. A resolución será publicada na páxina web do Concello.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 12.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

No caso de renuncia á subvención por algún dos beneficiarios, concederase a subvención ao solicitante seguinte a aquel en orde da súa puntuación.

Base 13.- Prazo de execución da actividade

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 30 de novembro de 2021. En casos excepcionais, a entidade beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación do prazo, sendo a resolución de concesión da mesma, adoptada polo señor Alcalde-presidente. A dita ampliación non superará a data de 30 de marzo de 2022.

Base 14.- Xustificación das subvencións, prazos de xustificación e reducións

Os beneficiarios destas subvencións, deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, a requirimento do señor Alcalde-presidente, a aplicación da subvención concedida, no prazo máximo de dous (2) meses, contados dende a data inicialmente prevista para a finalización do proxecto ou actividade que se subvenciona. No suposto de que os beneficiarios da subvención tiveran outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo dun (1) mes.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante do Concello, requirirase ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada.

A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, de conformidade con canto se establece no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

Rendida a conta xustificativa, polo instrutor do procedemento emitírase informe acerca do grado de cumprimento dos fins para os que se outorgou a subvención, adecuación dos gastos aos devanditos fins e a corrección da documentación presentada.

Á Conta Xustificativa (Anexo VI) das subvencións unirase a seguinte documentación:

- a) Memoria técnica xustificativa sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadado e relacionando as accións realizadas que foron necesarias para acadalo. Ademais, esta memoria deberá conter necesariamente un plano resultante do proceso de permutas de parcelas xunto cun dossier fotográfico das actuacións realizadas e acreditación da colocación de cartel informativo da actuación subvencionada, que será facilitado polo Concello. (Anexo VII).
- b) Informe de validación gráfica positivo, elaborado por técnico competente sobre a plataforma da oficina virtual do catastro, coas parcelas resultantes do proceso de reestruturación parcelaria.
- c) Declaración de realización da actividade (Anexo VIII)
- d) Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:
 - Relación clasificada dos gastos dos honorarios técnicos de redacción de proxecto e o levantamento topográfico, no seu caso, das parcelas aportadas, mediante facturas (anexos IX e IX Bis), con identificación do acredor: Número de factura, importe, data de emisión, data de pago.
 - No caso de presentar facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, terán que ser orixinais, podendo ser devoltas ao beneficiario da subvención, si así o solicita, unha vez seladas (“estampilladas”) polo órgano xestor.
 - No caso de acreditación do pago das facturas. O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación, mediante xustificante bancario do pagamento, non admitíndose pagos en metálico, cheques ó portador ou calquera outro medio físico.
 - Declaración responsable dos titulares ou do representante da entidade (ANEXO X) , no que conste:
 - Que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión
 - Que os investimentos en materiais e prestacións relacionadas no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados na citada actuación.
 - Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.
 - Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida do Concello, non superou, o custo da actuación realizada.
 - Que non existiu alteración durante a realización da actuación das condicións tidas en conta, polo concello de Castroverde, para a concesión da subvención outorgada.
 - Que a entidade que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
 - Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores concedidas polo concello de Castroverde.
 - Declaración responsable dos titulares ou do representante da entidade doutras axudas, conforme ao Anexo XI, comprensiva dos seguintes extremos:
 - Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións das Administracións Públicas.
 - Encontrarse facultados para actuar no nome da entidade
 - Acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda Pública, Autonómica, e Concello, e non ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.
 - Estar ao corrente de todas as obrigacións fiscais.
 - Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade.
 - Ser coñecedor de que a subvención se atopa acoillida ao Regulamento (UE) nº 2019/316, da Comisión, do 21 de febreiro de 2019, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 51 do 22 de febreiro de 2019, e ter o deber de respectalos.

No caso de ter recibido ou solicitado axudas de mínimos no exercicio fiscal no que se recoñece o dereito legal a percibir a axuda nin nos dous exercicios anteriores convocadas por outras Administracións públicas, Unión Europea ou outras entidades, a declaración responsable deberá especificar o importe total, convocatoria a que se acolleu o solicitante, Organismo ou entidade convocante ou concedente, importe concedido ou solicitado e ano.

-Declaración responsable de destinar os bens ao fin concreto ao que se concedeu a subvención (ANEXO XII).

Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Concello. Non obstante, o Concello, poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para este efecto os beneficiarios poderán acompañar a correspondente autorización do representante da entidade.

e) Xustificante de presentación na Xerencia Territorial do Catastro, da solicitude de agrupación de fincas, e escritura pública, de ser necesaria.

f) Certificación das contas bancarias expedida pola entidade bancaria a que se transferirán o importe da subvención que puidera concederse.

Base 15.- Pago da subvención.

O pago da subvención realizarase, mediante transferencia bancaria, previa xustificación polos beneficiarios da realización do proxecto para o que se concedeu e dos informes correspondentes dos servizos do Concello, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres os beneficiarios non estean ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexan debedores por resolución de procedencia de reintegro.

Base 16.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o momento da notificación da obriga de reembolso, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II, do reintegro de subvencións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e concordantes da Lei galega de subvencións

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da mencionada Lei 38/2003.

Base 17.- Réxime de recursos

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión ou denegación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión ou denegación, e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Base 18.- Protección de datos

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenvolto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

Base 20.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local

- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- Regulamento (UE) nº 2019/316, da Comisión, do 21 de febreiro de 2019, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea a las ayudas de mínimos en el sector agrícola
- Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial de Galicia
- Decreto 98/2007, do 24 de maio, polo que se establece o procedemento para autorizar as permutas voluntarias de predios rústicos

Disposición Adicional Primeira. As declaracións responsables previstas nestas bases xerarán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedimientto administrativo común de las administraciones públicas.

O Alcalde, Xosé María Árias Fernández.